

Obradoiro: CONTABILIDADE COOPERATIVA NIVEL 0

[En colaboración coa Rede Eusumo]

DATAS REALIZACIÓN	7 ao 26 de maio	DURACIÓN	20 horas
HORARIO	Celebraranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe os días luns 10 e 24 de maio en horario de 16:30 a 18:00 hs. A persoa titora estará dispoñible no seguinte horario: de luns a xoves de 16:00 a 18:00 hs		
LUGAR CELEBRACIÓN:	Plataforma de teleformación da Unión de Cooperativas Espazocoop http://aulaespazocoop.com		
PERSONA DE CONTACTO	Patane García Méndez	teléfono	881 887 456 / 697 877 773
		e-mail	patane@espazo.coop

PARA INSCRIBIRSE [PREMA AQUÍ](#)

OBXECTIVOS

- Mostrar desde un punto de vista práctico que é, e para que serve, a contabilidade nun proxecto cooperativo.
- Coñecer o proceso contable e a súa relación co resto de ámbitos da empresa, para a toma de decisións.
- Capacitar ás persoas emprendedoras no uso de ferramentas contables para facer previsións.
- Interpretar os estados financeiros e coñecer ferramentas e recursos de apoio, na xestión contable.

PROGRAMA E CONTIDOS

- A FUNCIÓN CONTABLE: Que é e que conleva?**
 - 1.1. A contabilidade: Órgano de vista das empresas
 - 1.2. Contabilidades na cooperativa: administrativa, financeira, custos e previsional.
 - 1.3. Outras contabilidades: auditoría social, balance social.
- CONTABILIDADE ADMINISTRATIVA: A contabilidade do día a día**
 - 2.1. Orzamentos e facturas emitidas
 - 2.2. Facturas recibidas, provedores e acredores
 - 2.3. Outros feitos contables: Administracións públicas, impostos, bancos, nóminas
- CONTABILIDADE FINANCEIRA: Libros e obrigas contables**
 - 3.1. Obrigas contables: Libros e contas anuais
- CONTABILIDADE FINANCEIRA: O ciclo contable**
 - 4.1. Plan Xeral Contable e Norma EHA/3360/2010
 - 4.2. Anotación dos feitos contables: clasificación das contas.
 - 4.3. O ciclo contable.
 - 4.4. Libro Diario e Libro Maior, Balances e Contas de Resultados
 - 4.5. Os programas contables
- CASO PRÁCTICO**
 - 5.1. Contabilidade do 1º ano de vida da cooperativa
 - 5.2. Asentos contables
 - 5.3. Estados financeiros
- Asentos e linguaxe contable: Balances e contas de resultados.
- Os Rexistros: Depósito de contas

METODOLOXÍA

Activa e participativa coa utilización de medios audiovisuais e actividades prácticas de reflexión e debate. O alumnado terá ao seu dispor, na plataforma de teleformación, os materiais do curso para o seu estudo, amais de material complementario que se lles fará chegar a través do foro do curso. Realizaranse dúas sesións virtuais de aprendizaxe coas que reforzar, de xeito síncrono, a relación e traballo colaborativo. As tarefas dispostas na plataforma servirán para facer unha avaliación do aproveitamento do alumnado participante. As canles de comunicación entre o equipo titorial e o alumnado será: o servizo de foros e mensaxería interna da plataforma, o correo electrónico, o telefono e a sala de videoconferencias do curso para a realización das titorías virtuais e as sesións virtuais de aprendizaxe.

Realzaranse dúas sesión virtuais de aprendizaxe no de inicio e finalización do curso. As persoas que non poidan participar nelas terán que realizar unha actividade complementaria para completar o curso.

DIRIXIDO A

Persoas cun proxecto de emprendemento cooperativo e que están a poñer en marcha unha empresa, interesadas en facelo ou integradas nunha con poucos coñecementos da xestión contable. Composición do grupo: mínimo 10 persoas e máximo 20.